

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 145/2021
Resolución con número e data establecidos á marxe
Procedemento: Contratacións.
Interesado:
Data de iniciación: 03/02/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes así como da memoria xustificativa do contrato asinada por Alcaldía o 3 de febreiro de 2021:

- A Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra en sesión ordinaria do día 15 de febreiro de 2019 adoptou un acordo polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro das bases reguladoras do “Plan Concellos 2018-2019 (Liña 1)” por importe de 88.415,11 €, destinada ó financiamento do investimento “DEPURADORA E SANEAMENTO NO NUCLEO DE POÑE (MOURISCADOS)”.
- Decreto de Alcaldía n.º 592 de 6 de novembro de 2018 polo que se aproba o proxecto técnico denominado “DEPURADORA E SANEAMENTO NO NUCLEO DE POÑE (MOURISCADOS)”.
- Autorización previa da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (exp. A/36/10134) rexistrada con data 28/10/2020 e rexistro núm.2020-E-RC-2466.
- Autorización do Ministerio de Fomento rexistrada con data 17/10/2018 e rexistro núm. 2018-E-RC-3395, exp.A362018/0255-II (caducada e pendente de prórroga)
- Acta de replanteo previo das obras asinado polo redactor do proxecto técnico.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato: CONTRATO DE OBRA	
Obxecto do contrato: O obxecto do presente contrato é a obra de “DEPURADORA E SANEAMENTO NO NUCLEO DE POÑE (MOURISCADOS)”.	
Procedemento de contratación: ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (159.6 LCSP)	Tipo de Tramitación: ORDINARIA
Códigos CPV: 45222100 e 45231300	
Valor estimado total do contrato: 73.070,34 €	IVE%: 15.344,77 €
Orzamento base de licitación total IVE excluído: 73.070,34 €	
Orzamento base de licitación total IVE incluído: 88.415,11 €	
Prazo de execución das obras: tres (3) meses e en todo caso antes do día 31/07/2021.	

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Memoria xustificativa	03/02/21	
Informe de Secretaría	04/02/21	
Informe de Intervención	04/02/21	
Resolución de inicio	04/02/21	
Prego prescricións técnicas	06/11/18	Proxecto aprobado por Decreto nº 592



Concello de Mondariz

Prego de cláusulas administrativas	04/02/21	
Informe de fiscalización previa	04/02/21	

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, tramitación ordinaria para a execución das obras de “DEPURADORA E SANEAMENTO NO NUCLEO DE POÑE (MOURISCADOS)”, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente por importe de 88.415,11 € e con cargo á aplicacións orzamentarias 161.60901, bolsa de vinculación a nivel proxecto de gasto 51/2021.

A presente contratación conta coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo á subvención concedida ó abeiro das bases reguladoras do “Plan Concellos 2018-2019 (Liña 1)” e que financia o 100% da inversión.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, servindo como prego de Prescricións Técnicas o proxecto da obra aprobado por Decreto 592/18 de 6 de novembro de 2018, e que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SEXTO. Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederase á apertura das proposicións mediante dispositivo electrónico e á súa valoración automática coa asistencia da secretaria municipal.

SEPTIMO. Efectuada a valoración das proposicións e a proposta de adxudicación, comprobarase no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, que o adxudicatario proposto cumpre cos requisitos necesarios de capacidade e procederase á adxudicación do contrato.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: AF3K6CPSSJ2GJNC4LQ6F6MTFC | Corrección: <https://mondariz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2